



A campaña de **obxección fiscal ao gasto militar** é unha ferramenta de desobediencia civil pola desaparición dos exércitos e da “cultura” militar na sociedade, obxectivo polo que poidemos loitar tamen dende diferentes fronteiras:

Obxección laboral

Consiste en negarse a traballar nas industrias ou proxectos vencellados coa fabricación, distribución e uso de armamento. Pedir a reconversión destas empresas cara a produción de outras cousas máis útiles para a sociedade, ou simplemente non dañinas.

Obxección científica

Numerosas científicas, universidades, centros de investigación, e incluso empresas, non permiten que as súas investigacións e traballos beneficien ou rematen na industria bélica e armamentística.

Boikot...

Aos artigos e mercadorías de empresas vencelladas co militarismo, aos produtos feitos en países en guerra ou que non respectan os dereitos humanos, a todos os actos de exaltación dos valores militaristas, aos xoguets bélicos ou sexistas, etc.

Aforros 'desarmados'

Iniciativa de sensibilización e denuncia das entidades financeiras que participan nas industrias militares ou que alteran gravemente a vida de comunidades e pobos.

www.bancaarmada.org

Escolas 'desmilitarizadas'

Diferentes campañas e colectivos denuncian e tentan evitar a presenza dos exércitos e demais forzas de seguridade do estado nas escolas e tamén na universidade.

desmilitarizem.blog.pangea.org

Gasto militarizado e control social 2024:

65.501 millóns de euros

1.340 euros por persoa



Orzamento Ministerio Defensa	12.827
Gasto defensa auditado a maiores pola Intervención Xeta Axencia tributario	8.108
Clases pasivas (pensións)	4.210
Ministerio Interior (Garda civil)	4.643
Fondo continxencia	4.062
Agochado noutros ministerios	2.995
Interes déveda militar	6.849
Déveda militar extraordinaria	11.544
Control social Estatal (Escluido o Militar)	6.957
Control social CC.AA.	3.375



ESPAZ ABERTO ANTIMILITAR

nonaogastomilitar.arkipelagos.net

Punto de encontro de colectivos e individualidades que cuestionan a existencia do exército como institución. Tentando manter o debate sobre a súa utilidade e conveniencia, os seus fins e a súa realidade, e denunciando a crecente militarización da sociedade, así como o desproporcionado gasto humano e económico que supón o seu mantemento.

SABOTEAR A GUERRA PARA SALVAR A PAZ



Cos mortos no peito, Estampa Popular Galega (1968)

CAMPAÑA GALEGA
POLA OBXECCIÓN FISCAL
AO GASTO MILITAR 2025

ESPAZ ABERTO ANTIMILITAR

SABOTEAR A GUERRA PARA SALVAR A PAZ

O ideal de experiencia que conforma o choque é a catástrofe
(Walter Benjamin, Obra das pasaxes)

A guerra mobiliza, antes cas recursos, sentimentos, de modo que precisa crear as condicións primeiro, para facela posible despois. Todo isto, nunha secuencia temporal que actúa condicionando o corpo social, a través dunha narrativa que celebre a disolución dos límites do consenso, en favor dunha nova orde mundial e a fantasía bélica que a alimenta.

Así, nun mundo onde reina o máis forte, as armas son sempre necesarias, comezando polas económicas. De feito, o alarmismo das elites políticas preséntase de moi variadas formas pero, sobre todo, como unha posibilidade de saída á crise. Un exemplo de capacidade de adaptación, que ten no aumento do gasto en políticas de defensa e do complexo militar industrial un argumento de peso, do mesmo xeito que no expolio dos recursos naturais, o retroceso en dereitos políticos, a perda de garantías no ámbito das relacións laborais, o desmantelamento premeditado do sistema público ou a pobreza xeneralizada de cada vez máis sectores da sociedade.

Camiñamos cara un mundo máis fragmentado e máis empobrecido. Pero tamén máis insolidario e violento. Neste contexto de inseguridade crecente, enmarcado nunha dinámica transnacional cuxo epicentro é o continente europeo, todo parece indicar o retorno á fórmula do keynesianismo militar como medio de incentivar o crecemento económico fronte ás necesidades máis perentorias da poboación.

Por tanto, cómpre reaxir diante da emerxencia bélica e todo canto implica. Neste sentido, o antimilitarismo reivíndicase en toda a súa dimensión, á luz da experiencia histórica, como unha forma de presentar batalla pero facendo uso das nosas propias armas. Precisamente, a campaña anual pola obxección fiscal aos gastos militares ten a ver con esa prolongación no tempo da memoria antimilitarista, adaptada ás condicións presentes. Unha posibilidade, entre tantas outras, de amosar o noso rexeitamento á escalada armamentística.

Galiza, abril 2025-



Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar?

Unha campaña de desobediencia civil que consiste en desviar unha parte dos impostos - na declaración da renda - que se destinan a gasto militar a proxectos sociais que pulan por unha sociedade máis xusta e desmilitarizada.

Por que obxeitar?

Facéndoa apoiámos a loita contra o militarismo ao tempo que amosamos o noso rexeitamento ao gasto militar en particular e ao militarismo en xeral mentres nos solidarizamos con colectivos e loitas transversais á antimilitarista, como poden ser as loitas antidesenvolvimentistas, antirrepresivas ou que procuren a transformación radical da sociedade.



A quen destino os cartos desviados?

Cos cartos podemos apoiar a colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista, ti decides aínda que sempre facemos unhas **propostas**:

NEW PROFILE | The Movement to Demilitarize Israeli Society

Movement para a desmilitarización da sociedade israelí: grupo feminista e antimilitarista fundado en 1998 que cre que o militarismo, profundamente arraigado na sociedade israelí, é unha das principais causas da guerra perpetua en Israel, así como das formas criminais en que leva a cabo. Obstaculizando o camiño cara á paz e o fin da ocupación, facendo que a sociedade sexa máis violenta, sexista e racista. newprofile.org



Kolektivo Jóvenes Parke Alcosa: tras a unha extraordinaria DINA foi arrasada a zona sur de Valencia e, en Alfafar, sepultaron en barro os dous Centros de Día do parque de Alcosa, dirixidos polo Kolektivo Juvenil Parke. Durante décadas, estes espazos son puntos de encontro comunitario no barrio de Orba/Parque Alcosa, ofrecendo apoio, educación e actividades de lecer a nenos, adolescentes e mozos. Agora estan na procura de fondos para reconstruílos e recuperar o seu papel fundamental na comunidade. kolektivosparke.org



SOS Suído-Seixo | Mina Alberta Non: nace co obxectivo de informar, establecer colaboracións, canalizar as ideas e reclamacións da veciñanza e levar a cabo accións coordinadas entre as comunidades afectadas ante os proxectos e permisos de investigación de minaría existentes nas serras do Cando e o Suído, e a gran preocupación suscitada pola recente solicitude de explotación mineira Alberta I en Doade (Beariz, Ourense), proxecto pode por en perigo non so a área proxima, senon tamén as cuncas fluviais do río Alvia (Miño), río Vergudo (Ría de Vigo) e o río Lerez (Ría de Pontevedra). minadoadenon.sossuidoeseixo.org

Ademais destas propostas podedes destinar os cartos ao **Espazo Aberto Antimilitar**. Os ingresos os podedes facer neste nº de conta > **ES49 1491 0001 2630 0008 8601** e non esquezaades sinalar o proxecto ao que queredes destinar estes cartos.

Como fago?

- 1** **Fai o ingreso** para o colectivo que consideres, desde un **euro simbólico** até o que consideres
- 2** Non aceptes o borrador facenda, no **apartado 606** introduce a contía.
- 3** Envía unha **carta ao Ministerio de Facenda** explicando a túa obxección, xunto co xustificante de ingreso.
- 4** **Comunicanos** os cartos desviados e destino en espazoantimilitar@riseup.net.

i Na páxina web atoparás a **información completa** de como tes que facer

? Se tes dúbidas ou precisas axuda, podemos **asesorarte**.

📡 Se queres **colaborar na campaña**, repartir información, organizar charlas, presentacións... non o dubides, contacta!